



Parlamento das Letras: Inma López Silva

Publicado o [29/08/2012](#)

Inma López Silva é unha desas persoas ás que resulta case imposible imaxinar lonxe dos libros, do cheiro a tinta, do oficio da palabra, da maxia da representación. Tal semella como se no seu caso non existise unha infancia previa preliteraria e brincadora, pois des que un ten acordanza afíxose a vela inmersa en mil e unha iniciativas escritas, ata o punto de que a súa precocidade como autora —o primeiro premio literario chegoulle cando apenas se alcanzara a maioría de idade— acabou por definir unha personalidade rendidamente entregue ao deus da literatura.

Esa vertixe bio e gráfica que caracteriza a López Silva explica por que na súa escrita se verten, prosprocesadas, mil e unha viaxes, lecturas e teatreiras impresións, por que a súa é unha ollada comprometida igual co pasado que co presente, por que os territorios de luz son procurados en cidades cosmopolitas nas que osixenarse do abafo das tebras memoriadas, por que, en fin, a imaxinación reborda sempre neses seus personaxes eléctricos, de intensidade inusitada.

De por parte, López Silva é tamén unha das nosas críticas teatrais máis autorizadas, xuíza autente á que nada do que acontece sobre un escenario galego lle é alleo, decote a ollada analítica e inquiridora a debandar razóns.

Hiperconsciente, implicada e metacrítica, as opinións de Inma López Silva son o espello dun río literario caudal no que convén mergullarse para coñecer a natureza da súa imparabile fluencia.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

O meu primeiro libro, *Neve en abril*, levou o Premio Rúa Nova da Fundación Caixa Galicia, que tamén editou o libro. Polas mesmas datas, a editorial Galaxia, na súa colección Descuberta (o nome era acaído!), publicaba o meu libro de relatos *Rosas, corvos e cancións*. Foron eles tamén quen, cando se esgotou aquela edición de *Neve en abril*, o reeditaron. Débolle moito, por iso, a aquela Galaxia de Carlos Casares, que se atreveu comigo cando era unha adolescente, e, despois, a un Víctor Freixanes que non dubidou en seguir confiando en min ata hoxe, sempre cun agarimo e unha comprensión que non sei se merezo.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Sen ningunha dúbida, a miña obra mellor tratada foi *Memoria de cidades sen luz*. Desapercibida totalmente pasou unha comedia-divertimento que case ninguén cita (pero que é moi divertida, polo menos así o foi para min) titulada *Non quero ser Doris Day*, publicada finalmente en Biblos, e que foi finalista do Premio de Novela por Entregas da Voz de Galicia. Imaxino que o motivo de pasar desapercibida foi que se trata dunha desas obras que os críticos definides (definimos)

como “menor”, sobre todo ao carón de novelas longas e publicadas en editoriais que daquela (quizais non hoxe) eran máis visíbeis. Mais a miña maior decepción neste senso é a de *Concubinas*. *Concubinas* foi unha obra que, malia levar un premio importante (o Xerais, en 2002), pasou pouco menos que sen pena nin gloria. Eu, porén, téñolle un aprecio especial a esa novela que escribín conscientemente de xeito experimental pero que require un esforzo por parte dos lectores que, imaxino, está na base do seu pouco éxito. Sorpréndeme máis, porén, a indiferenza da crítica a respecto dela.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Si. Escribo descalza.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Como sabes, eu, que non teño nin o máis mínimo talento escénico, a quen verdadeiramente envexo é aos dramaturgos excelentes, e case nunca atendidos: Gustavo Pernas, Rubén Ruibal, M. Guede, Euloxio R. Ruibal, Manuel Lourenzo, Raúl Dans, Cándido Pazó, Eduardo Alonso, X. Pisón, Jose Prieto. E, sobre todo, as mulleres: Imma Antón, Vanesa Sotelo ou Eva Ferreira.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Que pregunta máis difícil. Eu coido que, empezando a escribir tan nova como empecei (aos 16 anos), tiven unha fase relativamente longa de experimentación que se ve moi ben na querenza inicial polo relato breve e mais nas características de *Concubinas*. Despois, afianzando un estilo, optei polo xogo entre a ficción e a realidade, terreo no que me sinto moi cómoda, en libros coma *New York, New York* ou *Non quero ser Doris Day*. Agora, e sen abandonar o anterior (ao que axuda moito, por certo, a presenza na prensa), o corpo pídeme escribir iso que os novelistas chamamos “historias”, isto é, esa anécdota, esa sensación que tira por vidas enteiras e colectivos enteiras e que, dalgún xeito, fala tamén da crónica de nós.

De feito, o libro que acaba de saír, *Tinta*, contén relatos escritos entre 2000 e 2010 nos que, observando cun pouco de distancia, coido que se pode apreciar esa especie de intrahistoria literaria persoal na que incluso están as teimas de *Concubinas* e o xermolo dalgún personaxe e dalgunha das historias de *Memoria de cidades sen luz*. Decidín non ordenalos cronoloxicamente porque coido que son peciñas dun devir literario pero tamén dun devir intelectual que me define e que chega aquí, ao que son agora. E eu son o que escribo.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Acompáñanme decote novelistas americanos contemporáneos (DeLillo, Franzen, Auster, Roth) e franceses (Le Clézio, Little, Nothomb), alén das novelas que adoro de Haruki Murakami, e outras autoras xaponesas coma Hiromi Kawakami ou Banana Yoshimoto. Ultimamente leo moito a Stephan Zweig, cuxa autobiografía me deixou impresionada. Tamén adoito ler dramaturgos franceses e alemáns dos que gusto especialmente (Heiner Müller, Elfriede Jelinek, Victor Haïm, Arthur Adamov). Ademais, facendo do pracer un traballo imprescindíbel na miña outra profesión, leo moito ensaio filosófico no que aprecio especialmente os “comprometidos” coma Bauman, Zizek, Mignolo, Barucha, e Susan Sonntag, sempre. Os meus “regresos”, porén, son tremendamente eclécticos: Shakespeare, Rabelais e Cunqueiro, a poesía de Margarit, as novelas de Fitzgerald ou de Cortázar.

Todo isto, agora mesmo. Se me fas esta pregunta dentro dun ano, probabelmente responda cousas absolutamente distintas...

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Fáltalle unha verdadeira proxección exterior. Sóbranlle inercias tradicionalistas e concepcións esclerotizadas sobre o que é a literatura e o rol da escritora na súa sociedade. E sóbralle, tamén, un certo fedor a rancio, estruturalmente masculino de máis.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

A novela que estou escribindo neste momento.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Tendo en conta que estamos nun presente en crise (tanto económica coma institucional), valoro especialmente o esforzo que están facendo as nosas editoriais e libeiros por manter isto que custou tanto construír e que a miña xeración de artistas e intelectuais ten a responsabilidade de manter. Por iso tamén valoro especialmente a variedade e a frescura que está a proceder dos sectores máis alternativos dunha literatura que está tentando non definirse de xeito estritamente filolóxico. Unha vez máis, ollemos o teatro, que nos dá leccións.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Ler nos tempos da internet e do cine en tres dimensións aínda é marabilloso.